

Resolución reitoral que modifica o apartado 6º da Resolución reitoral con data do 16/06/2002, pola que se ditan instrucións para a tramitación do pagamento das indemnizacións por razón de servizo para as comisións de servizo realizadas na execución de financiamento alleo e que deban pagarse antes do peche do exercicio para a xustificación da axuda.

A Resolución reitoral con data do 16/06/2002, pola que se ditan instrucións para a tramitación do pagamento das indemnizacións por razón de servizo, establece no seu apartado 6 “o comisionado asinará tódolos xustificantes de gasto que englobe a liquidación (aloxamentos, tickets de autoestrada, billetes de transporte, etc), e entregará o impreso o responsable de xestión económica do centro de gasto, nun prazo máximo de dez días”.

Estas comisións de servizo poden imputarse a financiamento alleo, ao abeiro de proxectos e outras accións de investigación. Para xustificar estas actividades compre que estean pagadas antes do remate de cada ano. Trátase de actividades realizadas en execución de cada axuda e relacionadas directamente coa mesma.

As comisións de servizo están financiadas maioritariamente con fondos alleos da Xunta de Galicia e do Ministerio de Economía, Industria e Competitividade (MINECO).

A Xunta financia estes gastos con cargo aos programas de Consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas e outras accións de fomento nas universidades do Sistema universitario de Galicia e coas axudas para a creación, recoñecemento e estruturación de agrupacións estratéxicas do SUG. Nas bases reguladoras destas axudas se establece que son financiáveis: “*Viaxes e axudas de custo de membros do grupo ou do persoal adscrito ao proxecto para a actividade obxecto da axuda, sempre que a contía non exceda o 20 % dos gastos totais da axuda debidamente xustificada anualmente. Non se considerará nesta epígrafe o persoal colaborador externo do grupo ou do proxecto*”.

O MINECO establece que son financiáveis “*os gastos de viaxe e dietas, de investigadores, tanto de invitados, como do equipo de investigación do proxecto ...e as relacionadas co persoal que forme parte do equipo de traballo e que se cite na memoria da solicitude*”, debendo xustificarse nos informes que se remitan para a xustificación da axuda.

En vista do que de conformidade co disposto no artigo 36 dos Estatutos da Universidade da Coruña:

RESOLVO:

1. Exceptuar do prazo máximo de dez días que establece o apartado 6º da RR de 16/7/2002,

para as comisións de servizo, que sexan gasto elixible con cargo a axuda a que se imputan e se realicen en execución de proxectos e outras accións de investigación, con financiamento público alleo, da Xunta de Galicia e do MINECO e que deban estar pagadas antes do remate de cada exercicio, para proceder a súa xustificación nos prazos indicados en cada convocatoria.

2. Para proceder ao financiamento dos gastos con cargo a axuda compre que as comisións de servizo se adecúen as condicións establecidas na normativa reguladora de cada axuda e se relacionen directamente co obxecto da mesma.
3. O expediente de gasto de cada comisión de servizo adecuarase a normativa en materia de indemnización por razóns de servizo, conforme coas condicións de cada financiamento.
4. Publicar esta Resolución no Taboleiro electrónico oficial (TEO) da UDC.

A presente resolución entrará en vigor o día da súa publicación e aplicarase ás indemnizacións por razón de servizo, que se imputen a anualidade de 2017 de cada axuda.

A Coruña, 15 de novembro de 2017

O reitor

Julio E. Abalde Alonso